



María Fernández
Administradora
Dimensiona



SERVIZO

Redefinición do negocio



DIMENSIONA

Consultoría Tecnolóxica



// Sector
Informática



// Localización
Santiago



// Ano de constitución
2000



// N.º empregados
9

// Descrición da empresa

Dimensiona é unha empresa TIC galega, creada en Santiago de Compostela no ano 2000. É unha organización horizontal, formada por un equipo estable de profesionais con perfil técnico e ampla experiencia no sector. Contan cunha ampla rede de colaboracións, empresas e profesionais do ámbito da comunicación, do deseño gráfico e tamén das TIC.

É destacable o feito de que forman parte da Asociación Galega de Software Libre (Agasol).

“O programa Re-acciona supuxo para Dimensiona abrir novos horizontes”

// Descrición do proxecto

Posto que Dimensiona é unha empresa con máis de 18 anos de antigüidade, debe adaptarse ás novas necesidades para mellorar a competitividade do seu negocio e evitar a perda de valor. Por iso, o proxecto que se levou a cabo foi o de redefinir o negocio para consolidar a súa estratexia e buscar un plan de futuro que definise as novas liñas de mercado. No proxecto, contaron con consultores que asesoraron, guiaron e acompañaron á empresa durante todo o proceso. Leváronse a cabo sesións de traballo individuais e conxuntas co equipo da empresa coa finalidade de poder acadar os obxectivos de definir a visión externa da empresa para coñecer que era o que a diferenciaba das demais e cales eran os aspectos que tiñan que mellorar, así como definir novas liñas de negocio e ampliar as actuais para consolidarse e diversificarse.





// O resultado

Coa axuda dos axentes colaboradores e mediante as sesións formativas a empresa elaborou un estudo sobre a súa situación, para poder definir un plan de futuro que recollese liñas de actuación que consolidasen o seu negocio. Gracias a iso, obtivéronse varios resultados positivos para Dimensiona:

- Conseguiuse unha análise completa da empresa que permitiu identificar a súa situación con respecto ás súas competidoras, analizar os aspectos que axudaron a manter a empresa neste sector durante tantos anos e determinar as necesidades emerxentes para introducir as melloras que necesitaba o negocio para consolidarse e seguir crescendo.

- A partir da análise realizada, elaborouse un plan de mellora do negocio para determinar as novas liñas de actuación, co obxectivo de diversificarse, abrir novas canles, ampliar a oferta de servizo e, por conseguinte, chegar a novos clientes.

“Iniciativas deste tipo favorecen e facilitan a evolución do tecido empresarial, clave e imprescindible para o sector TIC”



// Web
www.dimensiona.com



// Vídeo
www.youtube.com/igapecompetitividade